



Concello de Guitiriz

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2022 (a noite do 23 de xuño do 2022 á madrugada do 24 de xuño do 2022)

Aviso: Esta comunicación debe presentarse xunto co DNI do responsable para a súa comprobación

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o **responsable dos danos e prexuízos que esta ocacione**

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI	NOME E APELIDOS
ENDEREZO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICA:

A realización dunha fogueira na noite do 23 de xuño que se realizará en:

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)

E comprométese a cumprir as seguintes normas:

- As persoas, organización ou comunidade que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito ao Concello de Guitiriz, acompañando DNI do responsable. Estas comunicacións só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou no Rexistro Electrónico desta Entidade, por persoas maiores de idade, dende o 13 ó 21 de xuño de 2022, en horario de 09:00 ata as 14:00 horas séndolle de aplicación o disposto. As cacharelas poderán realizarse unicamente o 23 de xuño e madrugada do 24. O representante será o responsable do cumprimento das presentes.

- Só se poderán realizar as cacharelas en terreos particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais).

- Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuaria, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.

- Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

- Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.
 - Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se produce a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
 - Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
 - Deberán terse á man medios adecuados para a extinción do lume.
 - O montón de materiais que forme a cacharela non poderá exceder de 2 metro de altura e 3 de diámetro.
 - Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), debido aos gases tóxicos que produce a súa queima.
 - Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.
 - En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.
- O cumprimento destas normas poderá ser comprobado polo Servizo de Prevención e Emerxencias (PC) e/ou Axentes Forestais, que darán conta das incidencias/infraccións detectadas.

Guitiriz, de de 2022

Asdo.:

ALCALDESA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178